



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/000195

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases reguladoras e convocatoria da XIX Mostra de Teatro Aficionado de Sada – Premios Lugrís Freire 2026)

ANTECEDENTES

- Liña de subvencións 3.4 do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026, denominada *Mostra de teatro Aficionado de Sada, Premios Lugrís Freire*.
- Expediente de tramitación 2025/A002/000002 no que constan:
 - Providencia de alcaldía do 09.01.2026, para convocar unha nova edición da Mostra de Teatro Aficionado do Concello de Sada.
 - Proposta de bases reguladoras da XIX edición da Mostra de Teatro Aficionado – Premios Lugrís Freire.
 - Informe-proposta da unidade proponente, onde se fundamenta a proposta e se analiza a súa viabilidade.
 - Certificado de existencia de crédito.
- Informe da Intervención Municipal, de data 06.02.2026, no que se fiscaliza de conformidade o expediente e no que se sinalan os requisitos de publicación.

Por todo o que antecede, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar a liña de subvencións 3.4 do PES 2024-2026, denominada «Mostra de Teatro Aficionado do Concello de Sada – Premios Lugrís Freire», en réxime de concorrencia competitiva, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.22620 do Orzamento Municipal. A convocatoria presenta o seguinte contido:

- O obxecto é o de organizar a XIX edición da Mostra de Teatro Aficionado, coa finalidade de promover a actividade teatral e dar a coñecer entre a poboación sadense unha selección das montaxes escénicas contemporáneas, no eido do teatro amador.
- As bases reguladoras aprobaranse conxuntamente coa convocatoria e serán publicadas na BDNS, no BOP, na web municipal (sada.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.sada.gal).
- Destínase o importe máximo de 5.000,00 euros para financiar esta convocatoria, imputables á aplicación orzamentaria 3340.22620 con cargo ao Orzamento 2026. A concesión de axudas realizarase polo réxime de concorrencia competitiva, con intervención dun xurado que valorará as representacións teatrais en concurso.
- A inscrición realizarase unicamente por medios electrónicos a través da sede electrónica municipal (sede.sada.gal), con prazo de inscrición de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- Os requisitos para poder ser beneficiaria son os que se recollen na base reguladora 4.
- Os criterios de valoración descríbense na base reguladora 8, xunto coa composición do xurado que haberá de valorar as representacións.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- As beneficiarias deberán presentar a documentación necesaria para xestionar o ingreso dos premios correspondentes.
- Désígnase para a instrución do procedemento a área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte, a través do persoal asignado á Oficina Municipal de Información Xuvenil.
- O órgano competente para resolver será a alcaldía.

Segundo.- Aprobar conxuntamente coa convocatoria as bases reguladoras, con carácter específico para a edición XIX.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe total de 5.000 euros para os diferentes premios da convocatoria.

Cuarto.- Publicar a convocatoria e as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, a publicación adaptarase ao nivel local a través da publicación das bases específicas e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal, co texto que segue:

«BASES POLAS QUE SE DEBE REXER A CONVOCATORIA DA XIX MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DO CONCELLO DE SADA

PREMIOS LUGRÍS FREIRE 2026

1. CAL É O OBXECTO DESTA CONVOCATORIA?

O obxecto desta convocatoria é o de promover a actividade teatral de carácter afeccionado e dar a coñecer entre a poboación sadense unha selección das montaxes escénicas contemporáneas, no eido do teatro amador. A proposta terá un formato de mostra ou festival, con varias datas nas que as compañías previamente seleccionadas representarán as súas obras.

Na Mostra entregaranse os «Premios Lugrís Freire», en homenaxe e lembranza do escritor e dramaturgo sadense, un dos máximos expoñentes do teatro social galego, director da Escola Rexional de Declamación e homenaxeado coas Letras Galegas 2006. Un xurado e o público que asista aos espectáculos determinarán, a través das súas valoracións, cales serán as compañías premiadas nesta edición.

A finalidade da Mostra de Teatro Afeccionado do Concello de Sada é a de promover a actividade cultural en xeral e no ámbito das artes escénicas en particular. A Mostra é unha cita anual na que terán cabida os traballos inscritos por compañías de teatro amador, coa idea de servir de impulso para a participación popular na cultura e para promover o teatro como medio de enriquecemento cultural.

A través deste certame o Concello de Sada desenvolve unha acción de democratización cultural, facendo accesible para a cidadanía a creación escénica actual. Pero tamén realiza unha acción de creación de novos públicos e de formación artística, outorgando ás persoas asistentes a posibilidade de expresar o seu xuízo crítico e de valorar os espectáculos presenciados.

Por último, a Mostra ten unha compoñente dinamizadora da participación activa das nosas veciñas e veciños, xa que é un espazo aberto para amosar as montaxes das compañías teatrais locais. Poderán formar parte do cartel da Mostra tanto a Compañía Municipal de Teatro (*Leneas Teatro*) como outras compañías locais que



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

funcionan grazas á iniciativa, o compromiso e o bo facer de veciñas e veciños. Nestes casos, poderán formar parte do cartel da Mostra pero sen entrar a concurso polos premios Lugrís Freire.

A XIX edición da Mostra celebrarase en varios sábados e domingos consecutivos, entre o 11 e o 26 de abril de 2026.

A participación na Mostra de Teatro Afeccionado e o seu funcionamento regularanse por medio destas bases.

2. CAL É O SEU ORZAMENTO?

O orzamento desta convocatoria financiarase con cargo ás partidas seguintes, contempladas no Orzamento Municipal:

3. QUE NORMATIVA SE APLICA?

MATERIAS	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTOS	IMPORTE
Promoción cultural	Mostra Teatro Afeccionado	3340.22620	Premio directo a cada unha das 5 compañías seleccionadas (800€):	4.000,00 €
			Premios Lugrís Freire: <i>Mellor espectáculo para o público:</i>	500,00€
			Premios Lugrís Freire: <i>Mellor espectáculo para o xurado:</i>	500,00€
TOTAL:				5.000,00€

A Mostra de Teatro Afeccionado está prevista no Plan Estratégico de Subvencións (PES) municipal para o período 2024-2026, recollida na liña de subvencións LS 3.4.

A Mostra rexerese polo establecido nestas bases reguladoras. De xeito complementario, aplicarase a normativa vixente en materia de subvencións.

Nos aspectos relacionados coa presentación de solicitudes, rexerese polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nas cuestións da tramitación telemática respectarase o establecido na Lei 39/2015 e na ordenanza municipal de administración electrónica, publicada no BOP 179 de 19.09.2023.

En toda a tramitación será de aplicación a Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán participar compañías ou asociacións que contén cun grupo de teatro afeccionado, independentemente da súa procedencia. As compañías interesadas poderán presentar solicitude para o número de obras que desexen, sen límite de temática ou xénero, tendo en conta que:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- Non se aceptarán a concurso obras xa seleccionadas e representadas pola mesma compañía en edicións anteriores da Mostra.
- Deberán empregarse os anexos de solicitude (ANEXO SOLICITUDE e ANEXO DECLARACIÓN RESPONSABLE), cubrindo todos os campos de datos descritivos e achegando os anexos que se describen na base reguladora 6ª.
- As compañías deberán dispoñer da autorización da autora/autor da obra para a súa montaxe e representación.
- Poderán presentar solicitude tanto entidades con forma xurídica sen ánimo de lucro como colectivos cidadáns sen forma xurídica.
- As obras poderán representarse en calquera lingua.

5. COMO SE FARÁ A SELECCIÓN DE OBRAS?

A XIX edición da Mostra de Teatro Afeccionado seleccionará 4 obras de entre todas as solicitudes de participación que se reciban en prazo.

A Comisión de Selección estará formada por persoal municipal, adscrito á área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte e poderá contar coa participación de persoal docente e elenco da Escola e da Compañía Municipal de Teatro.

A Comisión deberá seleccionar as 4 obras que participarán nesta edición da Mostra, baseándose nos seguintes aspectos:

- Temática da obra
- Estilo ou xénero teatral
- Proposta escénica: visión global do espectáculo, dirección teatral, ritmo, fluidez das escenas
- Calidade interpretativa: habilidade e talento do elenco para dar vida aos personaxes e representar o texto de xeito convincente, dicción, proxección e entoación, credibilidade das personaxes
- Calidade do texto/guión: a súa estrutura e a coherencia da acción, a construción dos personaxes coas súas motivacións e personalidade, a orixinalidade e a capacidade da trama para atraer a atención
- Impacto emocional: capacidade do elenco para transmitir emoción e comunicar a temática tratada, capacidade do espectáculo para manter o interese do público, reacción emocional que provoca

Ademais, a Concellería de Cultura incluírá un espectáculo de forma directa, programando a súa actuación na data da gala final, xusto a continuación do acto de entrega de premios. Esta medida pretende ofrecer un espazo prioritario para a exhibición dos traballos da Compañía Municipal de Teatro ou para compañías teatrais con sede no municipio. De xeito excepcional e de forma motivada, tamén poderá propoñerse a actuación de peche a outras compañías que presente un espectáculo axeitado pola súa calidade ou polo tema tratado.

As 4 compañías seleccionadas para a fase de concurso e a compañía seleccionada para o espectáculo de peche completarán o cartel da «XIX MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO, CONCELLO DE SADA. PREMIOS LUGRÍS FREIRE».

6. COMO SE PRESENTAN AS SOLICITUDES, EN QUE PRAZO E COMO SE TRAMITARÁN?



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles e abrirase a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras no BOP da Coruña.

As solicitudes presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal (sede.sada.gal), mediante o procedemento «*Subvencións, axudas e premios*».

A solicitude completarase cos ANEXOS desta convocatoria. Tanto o ANEXO I DE SOLICITUDE como o ANEXO II DE DECLARACIÓN RESPONSABLE estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (www.sada.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria da XIX Mostra de Teatro Afeccionado de Sada.

As solicitudes serán instruídas por persoal da área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte. Cando o órgano instructor reciba algunha solicitude incompleta, incorrectamente cuberta, con falta de información necesaria ou sen a documentación que deba acompañar a solicitude, requirirá as entidades solicitantes para que as completen, dando un prazo de 10 días hábiles que contará dende o día seguinte ao da notificación do requirimento. Se a entidade requirida non respondese ao requirimento de emenda, entenderase que desiste da súa solicitude.

As solicitudes correctas remitiranse á Comisión de Selección, que acordará unha listaxe de compañías seleccionadas en función dos criterios recollidos na base 5. A Comisión recollerá a súa proposta nunha acta e elevarase a alcaldía para a súa aprobación.

Establécese a conta de correo cultura@sada.gal como vía de comunicación coas compañías participantes, a través da cal poderán consultar dúbidas ou solicitar aclaracións ou asistencia coa presentación das solicitudes.

7. ONDE E CANDO SE REPRESENTARÁN AS OBRAS SELECCIONADAS?

Os espectáculos que resulten seleccionados nesta XIX edición programaranse no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns, no formato de entrada gratuíta ata completar aforo, nalgunha das seguintes datas:

DATAS XIX MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DE SADA	
Datas posibles para representación dos espectáculos seleccionados	Sábado 11 abril - 19:00 h
	Domingo 12 abril - 19:00 h
	Sábado 18 abril - 19:00 h
	Domingo 19 abril - 19:00 h
Gala de entrega de premios	Domingo 26 abril - 19:00 h

O servizo de asistencia técnica do auditorio municipal porase en contacto coas compañías seleccionadas para coordinar as necesidades técnicas das súas montaxes. As compañías contarán co apoio de persoal técnico de sala para colaborar na montaxe do seu plano técnico e para prestar asistencia durante a realización da obra.

A información sobre a dotación técnica do auditorio municipal pode consultarse nas últimas páxinas destas bases.

As compañías seleccionadas deberán aportar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

causas de exclusión previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, e comunicar a situación das obras en relación coa xestión dos dereitos de propiedade intelectual (ANEXO DECLARACIÓN RESPONSABLE). O Concello de Sada, como organizador do certame, farase cargo dos posibles dereitos de autoría nos casos en que corresponda.

8. QUE PREMIOS REPARTE A MOSTRA?

Establécense os seguintes premios:

• PREMIO DIRECTO COMPAÑÍAS SELECCIONADAS:

Establécese un premio directo de 800€ para cada unha das compañías seleccionadas para participar na fase de representacións da Mostra.

As compañías seleccionadas perderán todo dereito a recibir este premio se non fose posible representar a obra nas datas dispoñibles para o certame, pasando a ser substituídas pola seguinte obra con mellor valoración.

• PREMIO LUGRÍS FREIRE AO MELLOR ESPECTÁCULO PARA O PÚBLICO DA MOSTRA:

Establécese o Premio Lugrís Freire ao «*Mellor espectáculo para o público*», cun importe de 500€. O público asistente disporá de tarxetas de votación e poderán depositar a súa valoración ao final de cada función. O premio será para o espectáculo que acade a puntuación media máis alta.

• PREMIO LUGRÍS FREIRE AO MELLOR ESPECTÁCULO PARA O XURADO DA MOSTRA:

Establécese o Premio Lugrís Freire ao «*Mellor espectáculo para o xurado*», cun importe de 500€. A Concellería de Cultura e Normalización Lingüística nomeará un xurado, que estará formado por persoas implicadas na actividade teatral, persoal e representantes municipais. O xurado emitirá unha acta de valoración na que se fallará a compañía premiada.

O xurado puntuará as representacións empregando unha rúbrica de puntuación, na que se valorarán os seguintes criterios:

- Calidade da interpretación (habilidade e calidade do traballo de actrices e actores para dar vida aos personaxes)
- Calidade da posta en escena (coherencia dos elementos da montaxe, escenografía, vestuario, uso da iluminación e os recursos sonoros para potenciar a comunicación do texto dramático)
- Calidade do texto (estrutura da acción, profundidade dos personaxes, coherencia da trama)
- Capacidade para comunicar a mensaxe da obra e transmitir emocións
- Impresión xeral subxectiva sobre o conxunto do espectáculo

No caso de que o *Premio do público* e o *Premio do xurado* recaian no mesmo espectáculo, o premio do xurado outorgarase ao espectáculo que obteña a segunda mellor valoración na súa acta.

COMUNICACIÓN DOS PREMIOS LUGRÍS FREIRE:

Os premios do público e do xurado comunicaranse publicamente na Gala de entrega de premios que se



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

celebrará o domingo 26 de abril, no auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns, poñendo o peche a esta edición.

Cuestións relacionadas co pago dos premios:

Para poder facer efectivo o ingreso dos premios por selección, as compañías finalmente seleccionadas deberán aportar un certificado bancario dun número de conta do que sexan titulares, para o ingreso dos importes correspondentes aos premios descritos nas bases 2ª e 8ª.

A compañía invitada directamente pola organización para o peche da Mostra **non** optará aos «Premios Lugrís Freire», tanto do público como do xurado.

9. QUE TRATAMENTO SE DA AOS DATOS PERSOAIS?

Para participar na Mostra é necesario presentar uns anexos de inscrición que poden requirir certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para a organización do certame e das representacións teatrais programadas. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da convocatoria ata a entrega de premios. Os datos gardaranse con finalidade de arquivo e de avaliación de resultados e de elaboración de informes estatísticos.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e segundo as condicións reguladas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar xestións relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico dpd@sada.gal.

10. CONFORMIDADE

Coa participación no certame, as compañías participantes e as persoas que as representan aceptan as condicións establecidas nestas bases.

O persoal de organización da Mostra terá capacidade para decidir sobre a interpretación destas bases e as súas decisións deberán ser aceptadas polas participantes.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>


ANEXO DE DOTACIÓN TÉCNICA DO AUDITORIO MUNICIPAL:

RELACIÓN DE MATERIAL CASA CULTURA PINTOR LLORENS	
MATERIAL DISPOÑIBLE ILUMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
16 FOCOS PC de 1.000 W	Con palas e portafiltros
16 FOCOS PAR CP64	Con lámpadas núm. 1, 2 e 5
8 FOCOS PAR LED	Pro Light ECO Slim 180
6 RECORTES ETC	Con ángulo fixo 19° -36°
ETC SMART FADE 48 CH	Mesa de luces da sala
MESA ILUMINACIÓN CHAMSYS MQ 60	Mesa iluminación profesional, dispoñible para a Mostra
DIMMER STRAND 24 CH	Canais dobres
MATERIAL DISPOÑIBLE SONORIZACIÓN	OBSERVACIÓNS
BEHRINGER X32	Mesa dixital de mestura de son
2 CAIXAS HK CONTOUR PRO	Autoamplificadas
2 CAIXAS JBL EON 450	Autoamplificadas 600W
2 CAIXAS SUB	Autoamplificadas 500W
AUDIOVISUAIS	OBSERVACIÓNS
PROXECTOR	4.500 lumens NEC
PANTALLA DE PROXECCIÓN	7 x 5 m. cor branca
OUTROS	OBSERVACIÓNS
CÁMARA NEGRA	Aforo á alemá (modificable)
CHAN ESCÉNICO	Madeira vernizada, non chan negro



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS PERSOA REPRESENTANTE:

NOME COMPLETO:

DNI:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA COMPAÑÍA TEATRAL:

DENOMINACIÓN DA COMPAÑÍA:

NIF:

DOMICILIO FISCAL:

ENDEREZO NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:

CÓDIGO POSTAL:

TELÉFONO:

PÁXINA WEB / PERFÍS RRSS:

DATOS DA OBRA TEATRAL:

TÍTULO DO ESPECTÁCULO:

AUTORA/AUTOR DA OBRA:

LIGAZÓN PARA VISUALIZAR O VÍDEO DA OBRA:

-https://

O VÍDEO ENVIARASE EN FORMATO FÍSICO

NON EXISTE GRAVACIÓN DA OBRA

SINOPSE:

IDADE RECOMENDADA:

DURACIÓN:

ELENCO:

NECESIDADES TÉCNICAS/PLANO DE ILUMINACIÓN (describir ou aportar en anexo á solicitude):



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ORDE DE PREFERENCIA DAS DATAS DE REPRESENTACIÓN:

NÚM. ORDE DE PREFERENCIA:	DATAS:	MARCAR AS DATAS NON DISPOÑIBLES:
	Sábado 11 de abril de 2026	
	Domingo 12 de abril de 2026	
	Sábado 18 de abril de 2026	
	Domingo 19 de abril de 2026	



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____ [nome e apelidos] _____, con DNI _____, con enderezo en
_____ [enderezo] _____, actuando en representación da compañía teatral
_____ [nome da compañía] _____, con dirección de notificación electrónica
_____ [correo notificación electrónica] _____,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- 1) Que non incorre en ningunha das circunstancias previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención, pola que se determinan as prohibicións para ser beneficiaria de subvencións públicas.
- 2) Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Facenda Pública Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social, e que:
 Autoriza ao Concello de Sada a consultar a dita información
 Non autoriza ao Concello de Sada a comprobar a dita información, polo que presentará os certificados correspondentes.
- 3) Que conta coa debida capacidade de obrar, solvencia e a representación da compañía teatral _____ para representar o espectáculo teatral « _____ », necesarias para participar na XIX Mostra de Teatro Afeccionado do Concello de Sada.
- 4) En relación coa xestión dos dereitos de autoría e propiedade intelectual, declara que:
 A obra sinalada é autoría de _____ e a compañía ten autorización para realizar esta representación.

Documento asinado electronicamente, na data da firma dixital,
[Nome e apelidos]

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.